

XEFATURA DO ESTADO

2300 *REAL DECRETO LEI 2/2006, do 10 de febreiro, polo que se modifican os tipos impositivos do imposto sobre os elaborados do tabaco, se establece unha marxe transitoria complementaria para os expendedores de tabaco e timbre e se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. («BOE» 36, do 11-2-2006.)*

A imposición sobre os elaborados do tabaco constitúe unha fonte relevante de ingresos tributarios para as facendas territoriais españolas. Ademais, sendo a finalidade desta imposición esencialmente recadatoria, serve tamén, non obstante, como un instrumento ao servizo da política sanitaria e recoñécese como un medio eficaz para elevar o prezo do tabaco e, polo tanto, lograr unha redución do seu consumo, en particular entre a xente nova.

Non obstante, as medidas fiscais adoptadas recentemente nesta materia non foron trasladadas polas compañías aos prezos de venda ao público dos cigarros na forma esperada. Por iso se fai necesario proceder a un novo incremento dos tipos impositivos do imposto sobre os elaborados do tabaco. Ademais, a devandita medida refórzase coa introdución dun importe mínimo de percepción que complementa a capacidade recadatoria do imposto á vez que favorece o incremento do prezo dos cigarros que presentan uns prezos máis baixos. Este importe mínimo de percepción fíxase respectando o establecido no artigo 16.5 da Directiva 95/59/CE do Consello, do 27 de novembro de 1995, relativa aos impostos distintos dos impostos sobre o volume de negocios que gravan o consumo de elaborados do tabaco.

Todo iso concrétese nunha suba do tipo impositivo ad valorem ata situalo no 57 por 100, nun aumento do tipo impositivo específico, que queda fixado en 8,20 euros por 1.000 cigarros, e na introdución dun imposto mínimo de 55 euros por 1.000 cigarros. Para evitar un incremento do diferencial de tributación entre os cigarros e o resto dos elaborados do tabaco, tamén se elevan os tipos impositivos –que son exclusivamente ad valorem– aplicables a estes últimos nunha proporción similar a aquela en que se incrementa a fiscalidade global porcentual para os cigarros.

A Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, recoñece como peza fundamental do devandito mercado a rede de expendedoras de tabaco e timbre a través da cal se articula o monopolio do comercio a retalho de elaborados do tabaco. En efecto, o titular do monopolio é o Estado, que o exerce a través da referida rede cuxos titulares –os expendedores– teñen a condición de concesionarios do Estado.

A Lei 13/1998 regula a retribución destes expendedores fixándoa nunha marxe sobre o importe das súas vendas de elaborados do tabaco expresada como unha porcentaxe do prezo de venda ao público destes. En particular, a marxe aplicable respecto das vendas de cigarros está fixada no 8,5 por 100 do prezo de venda ao público destes.

Á vez, a Lei 13/1998 establece que os prezos de venda ao público dos elaborados fíxanos libremente os seus fabricantes e importadores. O recente incremento da fiscalidade dos elaborados do tabaco, ao contrario do que era previsible, non só non trouxo consigo un incremento dos prezos de venda ao público dos cigarros senón que, paradoxalmente, parece que foi o detonante das deci-

sións sucesivas das compañías tabaqueiras máis significativas de proceder a unha redución substancial deses prezos, especialmente daquelas marcas cunha presenza tradicional neste mercado.

Neste sentido, a indicada redución dos prezos de venda ao público dos cigarros está producindo un descenso significativo na retribución dos expendedores. Aínda que iso non supón alteración ningunha dos termos da concesión administrativa da cal os expendedores son titulares, o Goberno quixo adoptar unha medida excepcional e temporalmente limitada que permita compensar as perdas que aqueles experimentaron na súa retribución como consecuencia da inusual situación que vive actualmente o mercado dos cigarros. A medida consiste na fixación dunha marxe transitoria complementaria que percibirán os expendedores polas súas vendas de cigarros durante a vixencia da medida. Por outra parte, e mentres se considera que se debe dispoñer da maior flexibilidade para establecer o importe da marxe transitoria complementaria e para determinar a finalización da súa vixencia, autorízase o ministro de Economía e Facenda para variar a porcentaxe da marxe transitoria complementaria, así como para anticipar, dentro do ámbito temporal que se determina na norma, a data da finalización da súa vixencia.

A Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, só permite a venda destes produtos a través da rede de expendedoras de tabaco e timbre ou de máquinas expendedoras, debidamente autorizadas, e situadas en determinados lugares.

En concreto, estas máquinas téñense que situar no interior de locais, centros ou establecementos en que non estea prohibido fumar, así como nos de hostalaría ou restauración en que se permite habilitar zonas de fumadores, e nunha localización que permita a vixilancia directa e permanente do seu uso por parte do titular do local ou dos seus traballadores.

Transcorrido xa algo máis dun mes desde a entrada en vigor da citada lei faise necesario, para evitar os prexuízos económicos que se poderían producir no sector, sen mingua da saúde pública dos cidadáns, modificar a alínea b) do artigo 4 da Lei 28/2005 para lles permitir aos quioscos de prensa, de forma limitada, a venda de produtos do tabaco a través de máquina expendedora situada no seu interior.

Por último, en canto á figura xurídica a través da cal se aproba esta medida, débese destacar en primeiro lugar que se adopta unha modificación que afecta o montante dos tipos impositivos, que está suxeita ao principio de reserva de lei. En segundo lugar, fíxase unha marxe transitoria complementaria de retribución dos expendedores e habilítase o ministro de Economía e Facenda para variálo e para, de ser o caso, anticipar a data de finalización da súa vixencia, o que exige así mesmo a promulgación dunha norma con rango de lei na cal se complementa a marxe regulada na mencionada Lei de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria. Por último, ao ser necesario modificar a Lei 28/2005, resulta indispensable acudir á fórmula do real decreto lei por razóns de rango normativo.

Estas medidas adóptanse en atención ás especiais circunstancias que concorren na actualidade no mercado de cigarros que se describiron anteriormente. En tal sentido, en canto ao incremento dos tipos impositivos, a existencia, no marco dunha tramitación parlamentaria ordinaria, dun período de tempo prolongado entre o coñecemento da medida e a súa entrada en vigor, afectaría negativamente a súa efectividade e podería provocar, ademais, distorsións e condutas especulativas no mer-

cado que se verían agudizadas dada a súa situación actual.

Así mesmo, no referente á fixación dunha marxe transitoria complementaria de retribución dos expendedores e á habilitación ao ministro de Economía e Facenda para variálo e para, de ser o caso, anticipar a data de finalización da súa vixencia, a situación do mercado descrita exige unha actuación inmediata pois, dun lado, os expendedores viron que se reducían os seus ingresos de maneira súbita, o que aconsella adoptar medidas coa maior urxencia para asegurar un reequilibrio, so pena de que continúe esa redución de ingresos coas conseguintes consecuencias na situación económica da rede de expendedores que poderían, nalgúns casos, resultar irreversibles. Doutro, o Goberno adopta esta decisión como un instrumento da súa política económica que, se non se aplicase inmediatamente, perdería toda virtualidade, pois as condicións do mercado poderíanse alterar de novo e converter en ineficaz, cando non en contraproducente, a medida que agora se adopta. Por último, non debe esquecer que a medida que se regula neste real decreto lei ten unha natureza extraordinaria e limitada no tempo, de maneira que carecería de sentido adoptala nunha norma con rango de lei que exixise unha tramitación pois, cando entrase en vigor, poderían ter desaparecido, ou estaren a punto de desaparecer, as circunstancias que xustifican a súa adopción e xa non serían remediables os efectos prexudiciais para os expendedores, que se pretenden evitar.

Polo que se refire á modificación da Lei 28/2005, a reforma obedece á necesidade de non causar un prexuízo económico a un sector cuxos ingresos pola venda de tabaco foron tradicionalmente importantes. A entrada en vigor da lei evidenciou a necesidade de minimizar o seu impacto, este impacto podería chegar a ser economicamente gravoso para un sector modesto como o dos vendedores de prensa, se se esperase á tramitación dunha norma con rango de lei polo procedemento ordinario. Esta finalidade é perfectamente compatible coa defensa da saúde pública que aos poderes públicos lles compete xa que a dispensación de tabaco nestes casos seguirá estando fortemente limitada, especialmente para evitar o acceso dos menores a estes produtos.

Estas circunstancias xustifican o recurso á figura xurídica do real decreto lei, ao concorrer o suposto habilitante da extraordinaria e urxente necesidade que a nosa Constitución exige para a súa utilización.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86.1 da Constitución española, por proposta conxunta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e da ministra de Sanidade e Consumo e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de febreiro de 2006,

DISPÓN O:

Artigo primeiro. *Imposto sobre os elaborados do tabaco.*

Con efectos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, o artigo 60 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, quedará redactado como segue:

«Artigo 60. *Tipos impositivos.*

O imposto exixirase conforme a seguinte tarifa:

Epígrafe 1. Xarutos e xarutiños: 13,5 por 100.

Epígrafe 2. Cigarros: excepto nos casos en que resulte aplicable a epígrafe 5, os cigarros estarán gravados simultaneamente aos seguintes tipos impositivos:

a) Tipo proporcional: 57 por 100.

b) Tipo específico: 8,20 euros por cada 1.000 cigarros.

Epígrafe 3. Picadura para lear: 41,5 por 100.

Epígrafe 4. Os demais elaborados do tabaco: 25 por 100.

Epígrafe 5. Os cigarros estarán gravados ao tipo único de 55 euros por cada 1.000 cigarros cando a suma das cotas que resultarían da aplicación dos tipos da epígrafe 2 sexa inferior á contía do tipo único establecido nesta epígrafe.»

Artigo segundo. *Marxe transitoria complementaria para os expendedores de tabaco e timbre.*

1. Sen prexuízo do establecido no punto 2 e con efectos a partir da entrada en vigor deste real decreto lei e ata o día 30 de xuño de 2006, os expendedores de tabaco e timbre percibirán unha marxe transitoria complementaria polas súas vendas de cigarros do 0,25 por 100, calculada sobre o prezo de venda ao público.

2. Malia o establecido no punto anterior, autorízase o ministro de Economía e Facenda para que:

a) Proceda á modificación da marxe transitoria complementaria, sempre que a súa contía non exceda o 1 por 100.

b) Determine unha data de finalización da vixencia da marxe transitoria complementaria anterior ao día 30 de xuño de 2006.

3. A marxe transitoria complementaria percibirase nas mesmas condicións e con iguais requisitos ca a marxe prevista no artigo 4, punto sete, da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria.

Artigo terceiro. *Modificación da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.*

Dáselle nova redacción á alínea b) do artigo 4 da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, nos seguintes termos:

«b) Localización: as máquinas expendedoras de produtos do tabaco só se poderán situar no interior de quioscos de prensa situados na vía pública ou no interior de locais, centros ou establecementos en que non estea prohibido fumar, así como naqueles a que se refiren as letras b), c) e d) do artigo 8.1 nunha localización que permita a vixilancia directa e permanente do seu uso por parte do titular do local ou dos seus traballadores. Non se poderán situar nas áreas anexas ou de acceso previo aos locais, como son as zonas de cortaventos, corredores de centros comerciais, vestíbulos, distribuidores, escaleiras, soportais ou lugares similares que poidan ser parte dun inmovible pero non constitúen propiamente o interior deste.»

Disposición derradeira única. *entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 10 de febreiro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO